

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VILARMAIOR

Secretaría - Intervención

Aprobación definitiva modificación ordenanza fiscal nº 1 reguladora do imposto sobre bens inmobles

ANUNCIO

Aprobada inicialmente polo Pleno deste concello en sesión de data trece de maio de dous mil vinte e catro, a modificación da ordenanza fiscal nº 1, reguladora do imposto sobre bens inmobles, e unha vez rematado o prazo de trinta días de exposición ao público, publícase o acordo elevado a definitivo por non se presentar reclamacións, así como o texto íntegro da ordenanza, de conformidade co disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril reguladora das bases de réxime local, en relación co artigo 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Ordenanza fiscal nº 1 reguladora do imposto sobre bens inmobles.

Artigo 1º.

De conformidade co previsto no artigo 72 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, RDL 2/2004 do 05 de marzo, o tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles, aplicable neste municipio, queda fixado nos termos que se establecen no artigo seguinte.

Artigo 2º.

1. O tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles, aplicable aos bens de natureza urbana, queda fixado no 0,45%.
2. O tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles, aplicable aos bens de natureza rústica, queda fixado no 0,60%.
3. O tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles, aplicable aos bens de características especiais, queda fixado no 0,60%.

Artigo 3º.

De conformidade co previsto no artigo 62.4 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, RDL 2/2004, establécese un importe mínimo combinado, de 2,00 euros por liquidación e de 12,00 euros por contribuínte (unidade fiscal), para practicar liquidacións polo imposto sobre bens inmobles de natureza rústica, de tal xeito que non se practiquen liquidacións cando a cota resultante non chegue aos 2,00 euros e tampouco cando a totalidade das cotas dunha mesma unidade fiscal non chegue aos 12,00 euros, aínda que unha ou varias delas chegue aos 2,00 euros.

Establecer a cantidade de 12,00 euros como importe mínimo para instruír novos expedientes executivos de prema. Unha vez notificadas as providencias de prema e finalizado o prazo de ingreso sinalado nelas sen que se fixera efectiva a débeda, o Servizo de Recadación dará de baixa as liquidacións que inclúan os expedientes de nova apertura que non cheguen a dito mínimo.

Artigo 4º.

Establécese unha bonificación de ata o 80% da cota íntegra do imposto a favor de inmobles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 74.2 quáter do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:

- un 80 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- un 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- un 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aqueles inmobles nos que teña lugar a implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros nos que se amplíen as instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

A bonificación manterase para os tres exercicios orzamentarios completos seguintes a aquel no que teña lugar o feito impositivo.

Esta bonificación é potestativa, debendo ser solicitada polo beneficiario, presentando as altas na seguridade social e os contratos de traballo dos novos postos de traballo creados.

Corresponde ao Pleno do concello a declaración de especial interese ou utilidade municipal e o outorgamento das anteriores bonificacións, que se acordará, previa solicitude do interesado, presentada con anterioridade á realización do feito impositivo.

Artigo 5º.

No non expresamente previsto na presente ordenanza, rexerán os preceptos contidos na subsección 2ª, da sección 3ª, do capítulo II, do título II do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, RDL 2/2004 do 05 de marzo, concordantes e complementarios da mesma, e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

Disposición final.

Esta ordenanza fiscal, entrará en vigor a partir da data de publicación da súa aprobación definitiva e publicación íntegra do seu texto no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do día un de xaneiro de dous mil vinte e cinco, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Vilarmaior, 02 de xullo de 2024

O ALCALDE,

Carlos Vázquez Quintián

2024/4702